fondo galego
de cooperación e solidariedade

VACACIÓNS CON TRABALLO

EXPERIENCIAS SOLIDARIAS 2019

Testemuños de participantes no programa Vacacións con Traballo
do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

fondo galego
de cooperación e solidariedade

EXPERIENCIAS SOLIDARIAS 2019

Testemuños de participantes no programa Vacacións con Traballo do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

EDITA: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

SEDE: Rúa Varsovia, 4C - 6º, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

TELÉFONO: 981 555 999

SECRETARÍA: Centro Cívico Sur, R/ Luis Braille nº 40 - 36003 Pontevedra

TELÉFONO: 986 843 436 - 698 144 536

ENDEREZO ELECTRÓNICO: info@fondogalego.gal

FOTOGRAFÍAS: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

DESEÑO: BREO.gal

IMPRESIÓN:

DEPÓSITO LEGAL:

VACACIÓNS CON TRABALLO
EXPERIENCIAS SOLIDARIAS 2019

Testemuños de participantes no programa Vacacións con Traballo
do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

fondo galego de cooperación e solidariedade

PRÓLOGO pax. 6

VACACIÓNS CON TRABALLO EN MOZAMBIQUE

Datos básicos pax. 8

Testemuño de JESÚS BRAVO pax. 11

VACACIÓNS CON TRABALLO EN CABO VERDE

Datos básicos pax. 36

Testemuño de LOLA PARDO pax. 39

PRÓLOGO

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén de culminar o mandato 2015-2019, unha etapa na que dez técnicas e técnicos municipais participaron nas Vacacións con Traballo. Este programa de voluntariado internacional, dirixido principalmente a persoal das administracións locais socias, viña re-editándose cada ano cun dobre obxectivo. Por un lado, achegarlle un asesoramento específico aos nosos parceiros nos países empobrecidos, nas áreas solicitadas. Doutra banda, sensibilizar sobre as desigualdades Norte-Sur aos cadros das deputacións e concellos galegos e, por extensión, a todas as persoas implicadas na xestión municipal, que poden poñer o seu gran de area para contribuír a palialas.

A cooperación técnica que ofrecen as e os participantes nas Vacacións con Traballo é moi valiosa para as entidades receptoras, pero ao tempo prodúcese un troco de experiencias, un enriquecemento profesional e persoal, non menos valorado polas persoas que viaxan a terreo. Así o viviron o voluntario e a voluntaria que en 2019 se desprazaron durante un mes a Mozambique e Cabo Verde, respectivamente, e cuxo testemuño atoparedes nas seguintes páxinas.

"Este intercambio marcou un antes e un despois na miña visión desa realidade de desigualdade e inxustiza cos países do Sur", afirma Jesús Bravo, técnico medioambiental do Concello de Redondela que colaborou coa Fundação Encontro para promover unha correcta xestión dos residuos en comunidades rurais. "Introducirse noutra cultura, con xentes que teñen outra forma de pensar e de facer, e vivir sen as comodidades ás que estás afeita, faite medrar e ensínache a priorizar de maneira distinta", engade Lola Pardo, técnica de desenvolvemento local do Concello da Coruña que asesorou á Cámara Municipal de Santa Cruz.

A XIV edición das Vacacións con Traballo ofertaba aínda unha terceira praza no marco do convenio asinado coa Xunta de Galicia, que lle foi adxudicada ao técnico de deportes do Concello de Lousame. Néstor Romero tiña previsto apoiar na materia á vila mozambicana de Nhamayábue, pero a súa viaxe houbo de pospoñerse debido á inestabilidade na zona tras a celebración das eleccións xerais. No entanto, nin esta nin as outras cinco estadías previstas para este ano poderán desenvolverse, xa que a pandemia da Covid-19, que afecta tanto aos países do Norte como aos do Sur, obrigou a cancelar todas as misións internacionais previstas na planificación anual do Fondo Galego e a pospoñer a convocatoria do programa.

Son tempos convulsos nos que se ten demostrado que non podemos virar as costas ao que acontece no outro extremo do planeta, xa que nun mundo globalizado todo está interconectado, para ben e para mal. De nós depende que a parte boa gañe peso na balanza, pois cumprir coa obriga de apoiar ás poboacións máis vulnerables, por afastadas que parezan, ten repercusións positivas a nivel global. Só coa unión que proclama a Axenda 2030 poderemos acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, unha folla de ruta inequívoca para os gobernos de todos os niveis, pero que tamén debera estar presente no día a día de calquera persoa e entidade.

Que as Vacacións con Traballo se desenvolvan con normalidade en 2021 sería o mellor xeito de celebrar o XV aniversario do programa, que dá boa mostra desa necesaria alianza. Neste tempo, 46 empregadas e empregados de 32 concellos ou deputacións achegaron o seu know how en cinco países, na gran maioría dos casos investindo xenerosamente o seu mes de descanso. Todas e todos eles se atreveron a saír da súa zona de confort, sen máis promesa que a de vivir unha nova experiencia, aínda que seguramente non podían nin imaxinar como de intensa sería. A todas e todos eles, só nos queda darlles as nosas máis sinceras grazas por tender esas pontes que nos fan estar máis preto.

Juan González
Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

VACACIÓNS CON TRABALLO EN MOZAMBIQUE

DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Mozambique.

CAPITAL: Maputo, 1.088.449 habitantes (Instituto Nacional de Estatística de Mozambique, 2017).

SUPERFICIE: 799.380 km². Localizado na costa sueste de África, limita con Tanzania (norte); Malawi, Zambia e Zimbabue (oeste); e África do Sur e Swazilandia (sur).

POBOACIÓN: 27.909.798 habitantes (INE Mozambique, 2017). O 52% da poboación é feminina. O 46,6% é menor de 15 anos. A densidade demográfica está en 28,7 hab/km². O 66,6% da poboación vive no rural.

ALFABETIZACIÓN: 60,7% (CIA World Factbook, 2017), o 72,6% dos homes e o 50,3% das mulleres.

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 58 anos (Banco Mundial, 2018); 53,7 anos (INE de Mozambique, 2017).

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): 0.446 (PNUD, 2019). Posto 180 sobre 189 países.

LINGUAS: Portugués (idioma oficial), falado aproximadamente polo 70% da poboación. Tamén coexisten linguas da familia bantú (tsonga, makua, elomwe, shona, ronga).

CONFIGURACIÓN RACIAL: Existe unha marcada diversidade étnica e racial, igualmente determinada pola composición lingüística, que define unha sociedade basicamente mestiza. Os grupos étnicos maioritarios son os makua, sena, ndau, shangaan. Só o 0,5% de poboación é de orixe estranxeira.

RELIXIÓNS: Católica 27,2%; musulmá 18,9%; sionista 15,6%; evanxélica 15,3%; sen relixión 13,9%; outras 9% (CIA World Factbook, 2017).

MOEDA: Novo Metical Mozambicano (MZN). A convertibilidade é de 100 MZN = 1,37 €; e de 1 € = 72,99 MZN (abril de 2020).

PIB PER CÁPITA: 466,18 US$ (INE Mozambique, 2017).

CRECEMENTO ECONÓMICO: 3,7% (INE Mozambique, 2017). Mozambique está a experimentar un prolongado ciclo de crecemento económico e de investimentos estranxeiros, principalmente en infraestruturas e explotación de recursos naturais.

DESEMPREGO: 24,5% (CIA World Factbook, 2017).

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE - www.fondogalego.gal

POBREZA: 54,7% (PNUD, 2016).

DIVISIÓN DO PIB: Agricultura 23,9%; industria 19,3%; servizos 56,8% (CIA World Factbook, 2017).

INFLACIÓN: 15,3 % (Banco Africano de Desenvolvemento, 2018).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: África do Sur, China, India, Unión Europea (Italia, España).

PRINCIPAIS RECURSOS: Aluminio, algodón, azucre, cítricos, lagosta, anacardios.

INDEPENDENCIA: Tras cinco séculos de colonización portuguesa (s. XVI), Mozambique alcanzou a súa independencia o 25 de xuño de 1975, logo dunha década de guerra de guerrillas impulsada pola marxista Fronte de Liberación de Mozambique (FRELIMO). Alcanzada a independencia, Mozambique viviu unha prolongada guerra civil (1977-1992) entre o FRELIMO, baixo apoio da URSS e Cuba, e a opositora Resistencia Nacional Mozambicana (RENAMO), principalmente apoiada por África do Sur, que culminou cun proceso de pacificación auspiciado pola ONU (1992). Con todo, as secuelas do conflito seguen a estar presentes: estímanse en mais de dous millóns as minas antipersoas aínda existentes, principalmente nas zonas rurais.

FORMA DE ESTADO: República presidencialista. Conta cunha Asemblea da República de carácter unicameral, composta por 250 membros máis dous representantes da diáspora mozambicana, electos para períodos de cinco anos. Desde 2015, o presidente da República é Filipe Jacinto Nyusi (FRELIMO).

TESTEMUÑO DE JESÚS BRAVO

Técnico de medio ambiente no Concello de Redondela
Fundação Encontro

PAIXÓN POR MOZAMBIQUE

A miña vinculación con Mozambique vén xa de lonxe. En novembro do ano 2010 estiven de viaxe nese país. Mochila ao lombo percorrín o seu territorio de norte a sur durante algo máis dun mes, intentando en todo momento empaparme das súas xentes e os seus costumes, coidadoso de ir cos ollos ben abertos e coa humildade dun intruso pero sempre disposto a aprender cousas novas.

Iniciei a viaxe nunha das zonas máis pobres e castigadas, Metangula, no norte do país e xunto ao lago Niassa. A verdade é que ese lugar me marcou, pois a vida alí era moi dura. Nunha *chapa* (furgonetas de transporte económico para os pasaxeiros locais, e algún que outro turista perdido) despraceime ata Lichinga, logo en tren de Cuamba a Nampula, de Pemba ata a fermosa Ilha de Moçambique... E así, paseniño, abraiado pola beleza e ao mesmo tempo polas desigualdades e inxustizas que se sofren neses lugares con respecto ao chamado mundo occidental, proseguín o camiño ata chegar á capital, Maputo. Para aquel entón era xa ben consciente de que, a pesar dos momentos difíciles vividos durante a miña estadía, quedara absorbido e engaiolado por ese lugar.

Por outra banda, esta viaxe supuxo un xiro de 180º na miña vida, en moitos aspectos pero sobre todo no profesional. Grazas a esta aventura fun quen de sacudirme a preguiza, o medo, e de sacar forzas para desprenderme dun traballo que me tivera retido e sometido durante máis de 14 anos, que me impedía ademais vivir experiencias como esa viaxe ou como esta que vou relatar sobre a miña vivencia no programa Vacacións con Traballo 2019 do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Logo de abandonar esa miña primeira traxectoria profesional, tocaba decidir certas cousas e unha delas era cara onde retomar a miña nova vida laboral.

Foi entón cando, coa axuda dunha persoa moi importante para min, decidín volver ás aulas e formarme nun terreo que desde sempre me gustara e co que estaba moi sensibilizado: o medio ambiente. "Agora de vello, gaiteiro", pensei nun primeiro momento no meu retorno ás clases. Recoñezo que foi unha etapa dura e con sacrificios, mais foi unha das mellores decisións da miña vida.

Corría o ano 2015 cando, rematados os estudos, empecei a traballar no departamento de Medio Ambiente do Concello de Redondela. E foi entón cando a miña vida profesional retomou rumbo, e nesta nova travesía cun horizonte que me ofrece moitas máis satisfaccións.

Así souben do programa

Aló polo ano 2017 foi cando tiven coñecemento dos proxectos do Fondo Galego, lémbroo como se fose onte. Un bo día, cando fun fichar para a saída da miña xornada, xunto á máquina de control no taboleiro de anuncios había un cartel e, mentres premía co meu dedo o lector táctil, ollei que comentaba algo dunhas Vacacións con Traballo, e claro, ao principio sorprendeume un pouco iso de traballar estando de vacacións... hei de recoñecelo! Mais case de súpeto intuín ler Mozambique e como un resorte volvín xirar para ver se estaba no certo. E si, así era. Desta vez lin con calma o cartel, ao mesmo tempo a miña cabeza xa xogaba coa imaxinación... Era como se a vida, o destino en si, me estivese a dicir algo. Mais nesa ocasión o perfil que buscaban non se adecuaba á miña formación. Aínda así, ese foi o día no que comecei a pensar seriamente en aportar o meu gran de area fronte as desigualdades e a prol da solidariedade cos pobos máis desfavorecidos, colaborando nun proxecto dese tipo. Por suposto, facelo coa posibilidade de volver a Mozambique, pero desta vez para poder aportar algo máis de min, e ao mesmo tempo para aprender e formarme en cooperación e compartir experiencias e coñecementos profesionais, resultaba a ecuación perfecta.

Pouco a pouco fun indagando algo máis sobre o programa Vacacións con Traballo. Ademais, tiven a sorte de que a compañeira María José Villar, que traballa nunha das bibliotecas municipais, fora unha das persoas seleccionadas no ano 2015 para desenvolver un proxecto en Cabo Verde, tamén co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. María José comentoume a súa experiencia e informoume máis polo miúdo dos trámites. Ao contar coa garantía da información que proporciona alguén que viviu esa experiencia, o meu desexo e as mi-

ñas ganas non facían máis que medrar. Desde o primeiro momento alentoume a intentalo, "Se tes a oportunidade e encaixas nalgún perfil, anímate!". E vaia que se estaba animado, máis ben desexoso de que saíra unha praza na que minimamente puidese encaixar. A pesar das miñas esperanzas, parecía que a sorte non quería poñerse do meu lado, pois ao ano seguinte, en 2018, tampouco ofertaron un perfil afín, polo que xa me empezaba a impacientar e preocupar.

Cando xa tiña pensado barallar outras opcións de voluntariado, un bo día do mes de maio do 2019, por ese entón prestando os meus servizos noutro departamento que se atopa fóra do edificio municipal, tiven que achegarme ao departamento de persoal. Foi cando, de súpeto, ese cartel volveu cruzarse no meu camiño. Inmediatamente boteille unha ollada detida, como quen le un taboleiro de anuncios de emprego, e foi entón cando o meu corazón se acelerou repentinamente! Perfil prioritario: en Mozambique, a Fundação Encontro precisa dunha técnica/o ambiental con experiencia en reciclaxe. Non daba crédito ao que estaba ver, tiven que volver lelo para confirmar que non me estaba a equivocar. Iso si, case me dá algo cando vexo a data de fin do prazo de presentación de candidaturas: domingo 26, e estabamos a mércores 22. Aí o meu corazón xa estivo a punto de pasarse de revolucións.

Levaba unha temporada ben atarefado e despistárame de que a partir de abril saía a proposta do Fondo Galego para o programa Vacacións con Traballo. Aínda así, nin o dubidei, mirei as instancias e púxenme como un raio a recompilar toda a documentación solicitada. O certo era que o perfil se axustaba case coma unha luva á miña traxectoria laboral dos últimos anos, nos que estivera traballando constantemente en temas relacionados coa xestión de residuos e compostaxe. Durante tres anos dedicárame a impartir charlas, especialmente nos centros de ensino, sobre sensibilización e concienciación ambiental, con especial atención á xestión de residuos. Coordinara tamén proxectos de compostaxe individual e comunitaria, este último coa participación da Deputación de Pontevedra.

Así que me puxen ao tema e o mesmo domingo enviei a miña candidatura. Agora só quedaba cruzar os dedos e esperar.

Recoñezo que ao principio estaba case obsesionado e non paraba de ver o correo... mesmo varias veces ao día. Mais pouco a pouco, e pensando tamén que se non saía seleccionado ese nivel de preocupación me podería pasar factura, fun deixando que o tempo pasara e simplemente esperei a que novamente o

destino decidise. Ben, o destino e as persoas do Fondo Galego e da Fundação Encontro, que supoño tomarían esa decisión.

E así, xa case sen agardalo, un día recibo unha chamada na que me confirman que o meu soño se ía facer realidade. Foi máxico, foi moi emocionante, foi como un arreguizo que me percorreu o corpo e ao mesmo tempo unha satisfacción inmensa. Xa estaba aí!! Outra vez Mozambique e as súas xentes na miña vida. Pero nese momento nin imaxinaba todo o que me ía acontecer.

Expectativas: compartir e aprender

Esta era a miña primeira experiencia de voluntariado internacional, o que me levou a intentar documentarme. Ademais da ampla información, axuda e consellos que nos deron nunha xuntanza de formación previa nas oficinas do Fondo Galego, lin sobre outros proxectos, sobre o traballo doutras persoas con experiencia en cooperación, e falei con xente que tiña participado no programa Vacacións con Traballo, como a miña compañeira da biblioteca que fora a Cabo Verde ou Manuel Fuentes, da Deputación da Coruña, que estivera o ano anterior en Mozambique.

Con todo iso funme marcando algúns obxectivos e expectativas. Agradecín moito a lectura dun artigo que nos facilitaran naquela reunión, que tiña por título: "Consellos que tería agradecido antes de «ir de cooperación»". Axudoume a ter aínda máis claro cal debía ser o meu comportamento e a miña actitude como cooperante á hora de traballar coas persoas que viven nos países do Sur.

Pouco a pouco, as miñas expectativas ían collendo forma, empezaba a ter claro o que me gustaría sacar de todo isto. Ao principio, quizais a miña ilusión me levou a marcarme obxectivos demasiado optimistas para unha estadía dun mes, pero pouco a pouco coido que a idea foi madurando e por fin marquei un punto claro e unha expectativa concreta: aprender e compartir! Empaparme de novas vivencias, aprender todo o posible daquelas xentes e tamén compartir os meu coñecementos e experiencias profesionais.

Aínda así, mentiría se non recoñecese que antes de viaxar ao meu destino, na miña mochila acompañábanme os meus medos, dúbidas e algúns prexuízos que desapareceron nada máis chegar alí.

A preparación da viaxe

Logo de resultar seleccionado, e pasado ese "subidón" de adrenalina inicial, tocaba empezar con todos os preparativos, relativos, por exemplo, á renovación do meu pasaporte, as vacinas ou o material de traballo.

Sobre todo ao inicio, eran moitas as incógnitas e dúbidas que, grazas en parte ás consultas realizadas con Carmen Novas do Fondo Galego e coa miña parceira en Mozambique, María José Castro, fun pouco a pouco despexando e aclarando e centrándome algo máis. A reunión formativa que tivemos no Fondo Galego tamén me axudou moito a facerme unha idea sobre os proxectos de cooperación internacional, algo no que non tiña experiencia. Logo, e durante un tempo, estiven a recompilar todo tipo de información técnica que pensaba me podía ser de utilidade, tamén a elaborar documentación pedagóxica para levar preparado a maior cantidade de material de traballo posible: deseñei novas presentacións relacionadas coa reciclaxe e a compostaxe, montei algún vídeo e fíxenme con material didáctico para usar nas miñas charlas... Pensaba que levaba material abondo! Mais tamén é ben certo que a situación sobre o terreo foi bastante distinta do que cabía esperar e, a pesar de prever que iso podía acontecer, non agardaba que a realidade fose de tal maneira.

A REALIDADE DO PAÍS

Mozambique é un país localizado no leste da África Austral que conserva unha patente pegada do seu pasado colonial portugués, especialmente na súa capital, Maputo.

No momento da miña chegada, existía unha certa inseguridade nas zonas norte e centro do país, producida en parte por ataques xihadistas e tamén pola inestabilidade política tras as recentes eleccións. Esta inseguridade non afectaba ao sur, onde eu desenvolvín o meu proxecto.

A República de Mozambique é un dos países co Índice de Desenvolvemento Humano máis baixos do mundo. Esta situación é ben notoria na vida cotiá e pódese observar a partir da escaseza de recursos económicos, agravada nos últimos tempos nas comunidades campesiñas por unha seca continuada de cinco anos, ou na elevada presenza da sida (Mozambique é o sexto país do mundo con maior incidencia desta enfermidade), tanto na poboación adulta como infantil.

A relixión ten un peso específico no desenvolvemento social. A poboación é maioritariamente cristiá, católica e evanxelista, e en menor medida musulmá, situándose esta última especialmente na parte norte do país. Os compoñentes étnicos, moi presentes nas celebracións e rituais, atinxen tamén á relixión.

A lingua oficial é o portugués, que convive nesta parte sur do país co changana, unha lingua local de orixe bantú. Nas zonas rurais existe poboación que non entende o portugués e son moitas as persoas que mesturan as dúas linguas, especialmente nas interaccións comunicativas non formais. Desde o galego, o entendemento mutuo é doado coa maior parte da poboación.

O meu traballo desenvolveuse entre os municipio de Massaca e Mahanhane, pertencentes ao distrito de Boane, e nos de Changalane e Mahelane dentro do de Namaacha, todos na provincia de Maputo. Trátase dunha poboación basicamente rural, agrupada en núcleos ou comunidades. A cooperación internacional, en coordinación coa Fundação Encontro, posibilitou a existencia de billas de auga, postos médicos, centros educativos e de formación, así como comedores que atenden unha parte importante da poboación, especialmente á infancia. En sintonía con esta cooperación internacional funciona unha rede

de activistas que desenvolven labores de sensibilización e actuación especialmente nas áreas de saúde, formación, deporte, xénero e medio ambiente, coa que eu colaborei moi estreitamente.

Os Khumbuka, eses activistas sociais ligados á Fundação Encontro, supuxeron para min un apoio imprescindible no achegamento ás comunidades. Elas e eles eran quen me presentaban e mesmo en ocasións actuaban como intérpretes de changana naquelas zonas onde era necesario. *Khumbuka* significa "lémbrate" na lingua local. Son estas e estes activistas quen mellor coñecen as necesidades das comunidades e quen de xeito voluntario e continuado prestan os seus servizos nas instalacións que a Fundação Encontro ten nesas contornas, tales como os *berçarios* (garderías), as escolas, as cociñas ou os centros asistenciais de saúde.

Unha complicada xestión de residuos

Algo que me chamou moito a atención desde o primeiro día foi o impacto da sociedade de consumo no país.

Para as grandes empresas e produtores, o máis importante é que as persoas consuman os seus produtos, e cantas máis mellor, mais por outro lado non existe a mínima preocupación de valorar cal será o impacto dos residuos que ese produto implicará. Calquera pode imaxinar que ese impacto nunca será o mesmo nun país que teña definido e implantado un protocolo para a recollida e tratamento dos residuos que noutro que careza dese tipo de servizos. Pois algo así é o que acontece en Mozambique. Durante as últimas décadas están a entrar dun xeito masivo produtos de consumo que producen unha serie de refugallos que as diferentes administracións non son quen de xestionar.

Entre os exemplos máis claros e dramáticos, podería mencionar os referentes ás novas tecnoloxías, como poden ser os teléfonos móbiles. Aquí temos a posibilidade, case en todas partes, de desfacernos axeitadamente das baterías ou dos propios teléfonos, algo que alí é bastante máis inaccesible. Outra das cousas que me chamou moito a atención foron as problemáticas dos cueiros dun só uso e das extensións de pelo sintético. O normal adoita ser que terminen amoreados nas marxes dos camiños, nos campos ou no mesmo río. Non dispoñen de algo tan simple como uns contedores onde poder depositalos, tampouco existe a recollida nestas comunidades e moito menos unha xestión

posterior de residuos. Ata hai ben pouco, alí ese tipo de lixo non existía, xa que ao igual que aquí cando eu era pequeno, usábanse os panos de algodón de toda a vida. Imos deixar a un lado o debate de se compensa o "práctico e cómodo" dos cueiros co dano que iso implica para o medio ambiente, un asunto que me cuestiono tanto para alí como para aquí.

No entanto, se cadra o que máis me sorprendeu, por descoñecido para min, foi o tema das *mechas*. Durante as distintas visitas ás comunidades que facía con activistas da Fundação Encontro (Tozé, Paulo e Edio), iamos tomando nota dos cambios que podían levarse a cabo e das actuacións para eliminar a maior parte do lixo que prexudicaba o medio ambiente e a paisaxe.

Un día pasamos xunto a uns pitiños que estaban a peteirar no chan, entre os refugallos, e aproveitei para preguntarlles que eran aqueles fíos, algúns soltos e outros enmarañados, entre os que estaba a comer aquel *pinto*, e que levaba vendo por todas partes desde a miña chegada. Eles miráronse e sorriron dun xeito cómplice, e foi cando pararon a un grupo de mulleres para que mo explicaran. Resulta que a maioría das mulleres usan esas extensión ou trenzas postizas para simular un pelo distinto ao seu... mais ríronse de min cando non

daba crédito a tal cousa. Trátase dun pelo sintético que, logo de usado por un tempo, se quita para poñer outro, e hai tal cantidade tirado que podería dicirse que viría sendo equivalente ao que aquí son as cabichas, que se ven por todas partes. Por desgraza, este tipo de residuos son moi contaminantes, tanto para o solo como para as capas freáticas, polos lixiviados que desprenden cando actúan as chuvias, moi abundantes neste tempo de verán en Mozambique.

Esa, se cabe, é a gran diferenza que nos separa dentro deste mundo do consumo global, pois empezan a xerar algúns dos mesmos residuos ca nós pero non dispoñen dos medios para xestionalos. Por iso me doe moito máis que nós, aquí, contando cos medios para unha correcta xestión, moitas veces non a levemos a cabo.

O TRABALLO EN TERREO

O meu proxecto estaba principalmente encamiñado cara a concienciación e a sensibilización no referente á xestión de residuos e da compostaxe, tanto nas comunidades que antes citei (Massaca, Mahanhane, Changalane e Mahelane), como na Casa do Gaiato, a grande "casa de familia" na que vivín durante todo o mes e da que falarei máis adiante.

Con respecto ao tratamento dos residuos, atopeime cunha realidade distinta á imaxinada, se ben ao mesmo tempo era algo que non distaba moi moito da situación vivida aquí non hai tantos anos e da cal a día de hoxe, e por desgraza, aínda quedan vestixios, xa que a xente non está o suficientemente concienciada co correcto tratamento dos residuos domiciliarios.

O meu achegamento á realidade pasou polas visitas ás comunidades, acompañado sempre por activistas da Fundação Encontro, o grupo Khumbuka. Deste xeito, coñecín de preto as condicións de vida das aldeas e mesmo nalgúns casos entrevisteime con *cuarteróns* (o que viría sendo un alcalde de barrio).

Decateime de que o tratamento do lixo é un dos grandes problemas destas comunidades. Boa parte da dificultade reside en que nelas non existe, por parte dos gobernos correspondentes, ningún tipo de recollida e moito menos de xestión de residuos. Como moito, nalgunha localidade atopeime con algún colector de obra a modo de punto de recollida de lixo, pero que non son nunca retirados. Debido a iso, ou ben os refugallos está amoreados polo chan ao redor de dito contedor, ou ben lle plantan lume a modo de incinerador.

Esta realidade obrigoume a repensar algunhas das estratexias que levaba preparadas e mesmo a organizar intervencións coas que non contaba, como por exemplo a adecuación e mellora dunha *lixeira* ou vertedoiro a ceo aberto.

O meu día a día

Por cuestións laborais, e logo de acordalo conxuntamente coa miña parceira María José Castro, viaxei no mes de novembro. Esta época do ano coincide co verán en Mozambique, tamén tempo das chuvias. A pesar de que a diferenza horaria tan só é de unha hora con respecto a Galicia, o certo é que o funcionar do día a día, sobre todo na Casa do Gaiato, era moi diferente ao que estaba acostumado.

A Casa do Gaiato é unha "casa de familia" para todos aqueles rapaces que non a teñen. É unha obra de rapaces e para os rapaces fundada polo Padre Américo e dirixida na actualidade, con entrega e dedicación, por Mae Quitéria. Acolle máis de 150 *gaiatos* que participan activamente do funcionamento da mesma, nos labores agrícolas da facenda, na cociña, na lavandería ou por exemplo acompañándome no proxecto de mellora da xestión do lixo na Casa.

Os maiores coidan dos pequenos e todos miran polo ben de todos. Tamén polo noso, o do voluntariado, ao que acollen nas súas vidas e no seu fogar cos brazos e o corazón abertos. Xunto a Mae Quitéria, outros colaboradores, os tíos e tías, poñen todos os días en marcha a engrenaxe dunha institución que dá esperanza e futuro. Tía María José, tío Raúl, tía Pilar e tío Javier comparten casa e proxecto cos *gaiatos* e axúdannos ás e aos voluntarios a desenvolver o noso labor e a algo moito máis importante: a sentírmonos parte dese proxecto.

Todas as persoas adultas, Mae Quitéria, tías, tíos e cooperantes compartimos mesa nas comidas: no *matabicho* das 6:30, no *almoço* das 12:30 e no *jantar* das 18:30. Eses son os momentos tamén de organizar parte do día, compartir e comentar os incidentes e planificar actividades.

Si, o día comeza alí ben cedo. Unha das cousas que máis me chamou a atención foi ver nacer o día ás catro da mañá, hora á que habitualmente soaba o meu primeiro espertador, un tren que pasaba a escasos metros do meu cuarto e ao que pouco a pouco me fun afacendo. O seguinte espertador, moi curioso e que me engaiolou durante un mes, era o toque do *ferro* ás cinco, unha barra de ferro con perfil en "H" de algo máis de un metro que estaba pendurada

dunha árbore no medio do patio central, o cal era batido con outro ferro por algún dos *gaiatos*.

Por ese entón, se non pasara mala noite por mor da calor ou polo meu mal durmir, eu xa estaba en pé preparándome para saír a correr antes do *pequeno almoço* ou *matabicho*. Logo, preparaba o material e organizaba un pouco o traballo do día en función do establecido previamente con María José.

Parte do meu traballo realiceino na propia Casa do Gaiato, facendo actividades de sensibilización, ocupándome de mellorar a xestión dos residuos no *refeitório* (comedor) e a cociña, organizando actividades lúdicas de recollida de lixo... ou mesmo pintando a "casa branca" (o lugar onde se depositaban os diferentes colectores).

Outra parte importante da miña actividade desenvolveuse nas comunidades. Realicei múltiples encontros e charlas nas aldeas e nas instalacións da Fundação Encontro, coordinei a instalación de pequenos centros de compostaxe -especialmente nos centros educativos-, asesorei nos protocolos de separación e xestión de residuos... Todo isto sempre acompañado de activistas do

grupo Khumbuka, que se encargarían de continuar co proxecto unha vez que eu marchase.

Aprendín que a planificación ten que ser flexible. A realidade manda. Se, por exemplo, un día chovía, había que suspender un encontro previsto nunha aldea porque as persoas tiñan que ir coller auga e plantar o millo. E iso era evidentemente máis importante. Outras veces, as intervencións nun lugar concreto e planificadas con tempo debían adiarse porque a maquinaria necesaria non puidera ser arranxada por falta de material ou por un atraso imprevisto. Do mesmo xeito, cando a calor non permitía estar fóra, aproveitaba para modificar e adaptar o meu material de traballo á realidade do lugar.

Vídeo 'Nem tudo é lixo': www.bit.ly/JesusBravo

A pegada do Fondo Galego

Durante a miña estadía tiven a oportunidade de comprobar a evolución e resultado doutros proxectos anteriores da Fundação Encontro desenvolvidos co apoio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e que a día de hoxe están a funcionar moi ben.

Un deles foi, e é, o da a promoción da saúde a través do deporte, iniciado no ano 2017. Con este proxecto pretendíase, entre outros obxectivos, loitar contra os embarazos prematuros e promover a inclusión das mulleres na actividade deportiva. Grazas a ese traballo formáronse equipos de fútbol feminino en varias comunidades e fomentouse a práctica doutras modalidades como o atletismo. Na actualidade, teñen un grupo mixto e de diferentes idades que adestran regularmente e compiten en carreiras populares, co que tiven a gran sorte de poder participar nunha desas probas na cidade de Maputo.

O QUE DEIXO E O QUE LEVO

É difícil e complicado avaliar ou determinar, polo menos para min e desde este lado, o que realmente puiden achegar, tanto nas comunidades como á rede de activistas da Fundação Encontro ou mesmo na Casa do Gaiato. O que podo dicir é que foi un mes intenso, onde todos traballamos arreo, e con iso é co que me quedo, esa grandísima colaboración, interese e implicación de todas as persoas coas que estiven a traballar. Ben sei, pois sigo en contacto con algunhas delas, que as pautas que fomos fixando están a ser implantadas e postas en práctica, e iso ilusióname, sobre todo porque vexo que están concienciadas de que se precisa unha mellor xestión dos residuos.

Logo diso, entendo que a valoración máis precisa e valiosa sería a que realizaran todas esas persoas coas que tiven a sorte de compartir experiencias e coñecementos.

Pero o que si podo expresar contundentemente é o moito que eu recibín e o que este proxecto de colaboración me aportou. Compartir momentos de vida e traballo con persoas así enriqueceume en moitos aspectos. Recoñezo que estas xentes botaron áncoras que me teñen moi amarrado.

Gustaríame nomear aquí a todas e cada unha desas persoas de xeito individual, mais estou seguro de que quedarían nomes atrás, ademais do longo que se faría isto. Pero si quero deixar constancia do meu agradecemento polos coñecementos gañados, coñecementos que non aparecen na Wikipedia, pois forman parte do ser de cada unha das persoas das que tanto aprendín.

Valoración xeral

Ás veces a vida nos amosa outras realidades que fan que poñamos en cuestión moitas cousas sobre as que antes, a pesar de saber que estaban aí, non

nos paráramos a reflexionar, pois é certo que desde a nosa zona de confort é moi doado simplemente ver e observar as realidades a través da televisión, internet, prensa... desde unha perspectiva máis ben pasiva e sen actuar directamente sobre iso que estamos a ver.

No meu caso, unha vez dado o salto e pasar a esa parte máis activa, considero e afirmo que para min o intercambio marcou un antes e un despois na miña visión anterior desa realidade de desigualdade e inxustiza cos países do Sur. Foi como unha xanela de aire fresco á cal espero pronto volver a asomarme e respirar.

O Fondo Galego e a cooperación internacional

Esta experiencia de voluntariado que veño de relatar non tería sido posible sen a existencia do Fondo Galego e o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional. Xunto a min, na mesma zona, executábanse iniciativas de ONG como a Fundación Mozambique Sur, Prosalus ou Ruta da Luz. Todas elas tiñan en común que traballaban en parcería coa Fundação Encontro, é dicir, eran as xentes de alí as que indicaban as súas necesidades e as vías de coo-

peración. Grazas ao esforzo de asociacións como as citadas, pode funcionar a Casa do Gaiato, a poboación infantil ten asegurado o tratamento para a sida e promóvese a formación e o emprego das mulleres.

Mais non son só elas e eles os beneficiarios. Nós, que participamos neste intercambio desde unha posición en principio máis privilexiada, gañamos coa cooperación. Proxectos como este que eu realicei posibilitan unha maior sensibilización das persoas que temos a sorte de participar neles, achégannos a unha realidade só desde aquí intuída e favorecen, en definitiva, un intercambio que nos enriquece tremendamente como seres humanos.

Desde estas liñas, pero tamén sempre que podo noutros círculos, aproveito para espallar o que eu alí vivín e aprendín. Paréceme unha boa maneira de compartir a riqueza coa que volvín desta viaxe. Por último, só me queda animar a outras persoas a aproveitar oportunidades como a que nos brinda o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, a quen quedo sinceramente agradecido.

VACACIÓNS CON TRABALLO EN CABO VERDE

DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Cabo Verde.

CAPITAL: Praia, na Illa de Santiago, 129.756 habitantes.

SUPERFICIE: 4.030 km². O arquipélago está localizado no punto máis occidental do continente africano, a 600 km de Senegal. Conta con dez illas de configuración desértica, volcánica e tropical. Divídense en dous distritos: as de Sotavento, ao Sur (Santiago, Maio, Fogo e Brava), con capital en Praia; e as de Barlovento, ao Norte (Santo Antão, São Vicente, Santa Luzia, São Nicolau, Sal e Boavista), con capital en Mindelo.

POBOACIÓN: 583,255 habitantes (CIA World Factbook, estimacións 2020). O 28% da poboación é menor de 15 anos.

ALFABETIZACIÓN: 86,8% (CIA World Factbook, 2015), o 91,7% dos homes e o 82% das mulleres.

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 73 anos (PNUD, 2018).

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): 0.651 (PNUD, 2019). Posto 126 sobre 189 países, incluído no "nivel de desenvolvemento medio".

LINGUAS: Portugués e crioulo, unha mestura do idioma portugués con linguas africanas, da que cada illa de Cabo Verde posúe un dialecto propio. O crioulo non é aínda unha lingua oficial en Cabo Verde, a pesar de que se está a discutir a súa cooficialidade co portugués. É igualmente falado na diáspora caboverdiana existente en Francia, Alemaña, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, Senegal, España, EEUU e Brasil, entre outros países.

CONFIGURACIÓN RACIAL: Maioritariamente mestiza (71%), produto da fusión de negros autóctonos e brancos, principalmente de orixe portuguesa. Negros africanos (28%). Brancos europeos (1%).

RELIXIÓNS: Católica 77,3%; protestante 4,6%; outras cristiás 3,4%; musulmá 1,8%; sen relixión 11,5%; outras 1,3% (CIA World Factbook).

MOEDA: Escudo de Cabo Verde (CVE). A convertibilidade é de 100 CVE = 0,90€; e de 1€ = 110,27 CVE (abril de 2020).

PIB PER CÁPITA: 3.420 US$ (Banco Mundial, 2018).

CRECEMENTO ECONÓMICO: 4% (Banco Mundial, 2017). Cabo Verde vén mantendo sólidos niveis de crecemento na derradeira década, en gran medida grazas ao sector do turismo e os investimentos privados. No 2008 oficializouse o ingreso de Cabo Verde nos países con renda económica intermedia a nivel mundial. Porén, o país segue dependendo considerablemente da axuda exte-

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE - www.fondogalego.gal

rior. É de salientar o peso económico da diáspora caboverdiana, cuxas remesas supoñen aproximadamente un 11,8% do PIB do país (Banco Mundial, 2018). Os principais países receptores da diáspora caboverdiana son Portugal, EEUU, Francia, Italia, España e Países Baixos (Banco Central de Cabo Verde, 2018).

DESEMPREGO: 12,3% (Banco Mundial, 2019)

POBREZA: 30% (CIA World Factbook, estimacións 2020)

DIVISIÓN DO PIB: Agricultura 9,9%; industria 17,5%; servizos 73,7% (CIA World Factbook, 2017).

INFLACIÓN: 1,3% (Banco Central de Cabo Verde, febreiro 2020).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: Portugal, Países Baixos, Marrocos, España, Gran Bretaña, Italia, Costa de Marfil.

PRINCIPAIS RECURSOS: Bananas, peixe, sector turístico, petróleo, sal e azucre.

INDEPENDENCIA: Tras 500 anos de dominio colonial portugués, a República de Cabo Verde declarou a súa independencia o 5 de xullo de 1975.

FORMA DE ESTADO: República unitaria con sistema parlamentario e multipartidista, cun único corpo lexislativo, a Asemblea Nacional do Pobo, composta por 72 deputadas e deputados, que se elixen por sufraxio popular para un período de cinco anos. Reelixido en 2016, o presidente e xefe de Estado é Jorge Carlos Fonseca, do partido Movimento pela Democracia (MpD).

TESTEMUÑO DE LOLA PARDO

Técnica de desenvolvemento local no Concello da Coruña
Cámara Municipal de Santa Cruz

A VOLUNTARIA E O LUGAR DE ACOLLIDA

Chámome María Dolores Pardo Pallas e exerzo no Concello da Coruña como Técnica Superior de Emprego e Promoción Económica desde o ano 2003, labor que anteriormente desenvolvín noutros municipios como Cangas, As Pontes e Bergondo, aínda que tamén traballei na empresa privada algúns anos levando a cabo tarefas propias da miña titulación de licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais .

Creo que as experiencias e a formación a nivel puramente laboral se teñen que ver enriquecidas coas vivencias persoais, así que eu aplico os meus coñecementos profesionais ás miñas afeccións e as miñas experiencias vividas ao eido profesional, tentando medrar en ambos os dous ámbitos.

Xa levaba un tempo querendo participar nun programa de voluntariado... Chegáranme por correo electrónico as posibilidades que ofrecía o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, polo que xa o valorei en anos anteriores, pero nesta ocasión, ao saír a praza de técnica/o de desenvolvemento local, animeime ao ver que podía cumprir os requisitos esixidos e saír escollida. Final-

mente, a selección fíxose efectiva, enchéndome de alegría porque ao fin podía experimentar outro tipo de viaxe, onde vives e traballas coa xente do lugar empapándote da súa cultura e integrándote nas súas realidades.

Ao tratarse dunha viaxe ao continente africano, tiña as miñas reservas con respecto a como podería ser a miña integración; doutra banda, ir soa enchíame de inquietude. Para obter información púxenme en contacto con Yolanda Ferro, técnica de turismo do Concello de Santiago de Compostela que estivera o ano anterior nas mesmas circunstancias nas que eu me ía a atopar en breve. Despois de concertar unha cita, achegueime a Santiago, e foi unha das mellores cousas que puiden facer. Ademais de tranquilizarme e darme a coñecer de primeira man a realidade do que ía experimentar, algunhas veces durante a estancia Yolanda foi o meu pano de bágoas, porque quen mellor que alguén que pasou polo mesmo para entenderte, así que o máis sincero agradecemento.

A miña preparación para a viaxe incluíu tamén a vacinación na sanidade pública, ler todo o que caía nas miñas mans sobre Cabo Verde -tanto novelas de autores nativos como históricas-, escoitar música caboverdiana, documentais, e mesmo ver "Españoles en el mundo".

O municipio de Santa Cruz

Localizado na parte leste da Ilha de Santiago, o concello onde ía desempeñar o meu voluntariado cobre unha superficie total de 149,30 km^2, que se corresponde co 15,1% dos 991 km^2 que abrangue a área total da illa.

A agricultura, a gandería, a pesca e o comercio son os sectores económicos máis destacados do municipio, constituíndo as principais fontes de rendemento de subsistencia das familias, sobre todo nas zonas rurais. Son as actividades a través das cales se xera riqueza e sustento.

Aínda que nos últimos anos o grao de desenvolvemento alcanzado en Santa Cruz é maior, cómpre indicar que estas actividades non conseguen o suficiente crecemento e impulso, pois están baseadas nunha economía familiar de subsistencia. É fundamental un cambio na visión destes sectores -pesca, agricultura, gandería, artesanía e comercio-, que debe partir dunha perspectiva empresarial e de mercado.

O turismo podería constituír outro activo relevante deste municipio, que conta cunha grande riqueza ecolóxica, rural, cultural, musical, de agroturismo, turismo de praias con utilidades terapéuticas, etc.

A VIAXE E PRESENTACIÓNS PREVIAS

O meu gran problema nas viaxes é o pouco que me gusta facer a equipaxe, nunca sei que levar e para un mes tiña a sensación de que debía meter a miña vida nunha maleta. Despois de facer unha pequena listaxe de medicamentos, roupa, aseo, etc., cunha maleta de man e outra para facturar estaba lista. Por suposto, levei cousas dabondo, o típico "polo si ou polo non" que logo non usas.

Ilusionada comezaba a miña andaina camiño a Cabo Verde. Unha viaxe cansa, de 12 horas, onde o percorrido foi A Coruña-Porto en autobús e Porto-Praia en avión, con transbordo en Lisboa. Aterrei aproximadamente á unha da mañá, pero hai que pagar antes da saída o imposto turístico, para o que se forma unha cola dunha hora de espera, sendo a miña hora de chegada final a Praia ás dúas e media da noite, moi cansa.

Nada máis saír do aeroporto, sorpresa: "chove a cántaros". Debido á chegada tardía, modifícase a idea inicial da organización de ir directamente para o municipio de Santa Cruz e quedo a durmir nun hotel. É neste momento cando empezo a sentir esa calor húmida que tanto me trouxo "pola rúa da amargura". A pesar diso e do ruído do aire acondicionado, quedo durmida de inmediato. Ao día seguinte recollíanme ás oito da mañá.

As altas temperaturas e humidade para min son un cóctel molotov, non sabía o que era ata que o vivín. Houben de facerme á idea de que esta situación acontecería a diario: non é que súes, é que estas de xeito continuo mollada. Nalgún momento deste primeiro día pasoume pola cabeza que estaba tola por investir as miñas vacacións nesta viaxe, pero xa non había marcha atrás e positivicei: estaba vivindo unha aventura e un reto que tiña que aproveitar.

A directora do Gabinete de Desenvolvemento Local da Cámara de Santa Cruz, Paula Vieira de Pina, recólleme ás oito co seu coche para achegarme ao concello. Polo camiño, facemos unha parada nunha entidade bancaria para cambiar os euros a escudos. Durante o percorrido, observo a paisaxe: é moi bonita pero sorpréndeme a cantidade de lixo esparexido e as casas a medio construír

e con materiais precarios, así como a falta de asfaltado nas rúas. Ao mesmo tempo, vanme explicando que o municipio ao que nos diriximos, Santa Cruz, é un dos máis pobres da Ilha de Santiago e que fundamentalmente ten carácter agrícola e pesqueiro.

Unha vez na Cámara de Santa Cruz recíbenos Carlos Silva, o presidente, e Jamira Duarte, *vereadora* de Recursos Humanos, Finanzas, Emprendemento e Desenvolvemento Local. Mantemos unha reunión e un primeiro achegamento moi agradable.

Despois preséntanme ao persoal da Cámara: secretario, informáticos/as, interventores, publicistas... Demasiadas persoas para lembrarme dos nomes nese momento, pero agora sei moitos que non esquecerei.

A continuación, imos ao apartamento onde vou vivir durante todo o mes, onde procedo a desfacer a equipaxe, instalarme e descansar algo. É acolledor e queda preto do lugar de traballo, aínda que ten algunhas carencias que, entendo, con moi pouco orzamento poderían terse mellorado, de xeito que a estadía fose máis confortable.

A concelleira Jamira Duarte decide que Felix Lobo, director de Mercados e Emprendemento, ao quen me presentan *in situ*, me acompañará algúns días para percorrer o municipio, co fin de coñecer a súa realidade económica, estrutura, paisaxismo... e a contorna en xeral.

PERCORRIDO E COÑECEMENTO DA CONTORNA

Durante algúns días alternos realicei diversas visitas coa guía e o acompañamento de Felix Lobo, centradas fundamentalmente no coñecemento da contorna e dos seus recursos. O percorrido foi amplo, tanto a centros públicos como a entidades de carácter privado, así como a lugares de interese paisaxístico.

Cabe destacar os seguintes espazos:

- **Centro de Emprego e Formación Profesional**, con especialidades de electricidade, canalización, albanelería e mais barbería e estética.

- **Mercado**, cos seus postos de froitas e verduras e diversos negocios. Aquí teñen en proxecto instalar un viveiro de empresas.

- **Empresa téxtil** de Chesco Varela.
- Leibnitz **cooperativa de carpintería,** tanto de mobles como de ribeira.
- **Miradoiro de Cruz de Monse Bezia**, desde onde se divisa todo ou municipio dun xeito espectacular e na súa plenitude.
- **Casa de acollemento Manuela Irgher**, centro para mulleres en especiais condicións de dificultade. Traballan con agricultura ecolóxica para o auto-abastecemento e contan con centros formativos para a educación e inclusión da mocidade.
- **Casa da Amizade**, hospedería promovida polo padre Octávio Fasano. Un lugar limpo, acolledor e moi confortable que tenta ser fonte de ingresos para o financiamento de proxectos sociais.
- **Casa da Mocidade**, gabinete de apoio á muller, porto de pescadores, radio local e oficina de turismo.

- **Fábrica de augardente** da marca Montenegro, que exporta a EEUU, Italia e Portugal, e mais unha granxa de vacas (agropecuaria) situada tamén en Montenegro.
- **Porto Madeira**, parroquia puramente montañosa cuxa poboación vive da agricultura.
- **Oficina de atención ao emprendemento**, onde mantemos unha charla coa entidade bancaria que se encarga dos microcréditos para persoas emprendedoras.

Ademais, tiven a oportunidade de participar canda a concelleira na apertura do curso escolar, acto institucional ao que asisten autoridades, familias e mais as nenas e nenos, así como persoal educativo das diferentes escolas. No transcurso do evento, os discursos institucionais combináronse con música e bailes tradicionais, entre outras actuacións. Por outra parte, o 26 de setembro entrevisteime en Praia co coordinador xeral de Cooperación en Cabo Verde da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), Jaime Puyoles.

O TRABALLO DO DÍA A DÍA

Ao comezo, quedabamos sobre as 8:30 da mañá, pero logo xa me emprazaban directamente ás 9 na Cámara Municipal. Teño que poñer de manifesto a impuntualidade do persoal, de feito dise que "os africanos non esperan ao tempo, o tempo espera aos africanos"; supoño que alí o tempo o é un recurso sobrante... Xa coñecía de antemán esta casuística pero, debido á miña mentalidade, ás veces un pouco xermánica, custábame interiorizala.

A xornada laboral finalizaba as 16 horas e contabamos cunha pausa

de 30 minutos a mediodía. Cómpre destacar o lugar onde xantaba, xa que se come ben, barato e moi san.

En canto ao meu lugar de traballo, unhas veces era na Cámara, no despacho da *vereadora*; outras na Axencia de Desenvolvemento Local, situada en Pedra Badejo, e outras na Oficina de Emprendemento, ubicada no Mercado.

As persoas das que dependía, como xa comentei, eran a concelleira de Recursos Humanos, Finanzas, Emprendemento e Desenvolvemento Local, Jamira Duarte, e mais a directora técnica do Gabinete de Desenvolvemento Local da Cámara de Santa Cruz, Paula Pina.

Facilítanme para o seu estudo os seguintes documentos, que paso a resumir:

I. Diagnóstico Territorial do Municipio de Santa Cruz

Este documento atopábase en fase de aprobación polo Pleno municipal e pendente de presentación por parte da concelleira Jamira Duarte. Dediqueille unha atención especial, pois trátase dun texto imprescindible para coñecer

a realidade municipal mediante os datos. Non só a nivel xeográfico, senón tamén no relativo a poboación, desemprego, pobreza, migracións, muller, educación, sanidade, urbanismo, infraestruturas, sector público, etc. É a base do recoñecemento das necesidades para desenvolver accións e programas específicos.

Cómpre sinalar as seguintes conclusións recollidas neste diagnóstico:

- Elevado déficit habitacional: necesidade de construción e rehabilitación de vivendas.
- Alta taxa de pobreza: 60,3%.
- Carencia de estradas de acceso e de penetración a zonas de produción.
- Elevada taxa de desemprego xuvenil.
- Elevada taxa de inactividade.
- Moi escaso tecido empresarial local.
- Ausencia de iniciativas empresariais nos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro.

- Moi pouca representación feminina en órganos electos públicos e do terceiro sector.
- Estradas en moi mal estado.
- Deficiente organización e funcionamento en asociacións comunitarias.
- Máis necesidades formativas no Centro de Formación Profesional.
- Alto índice de mulleres que se dedican á crianza, demasiados fillos, demasiado novos e conciliación inexistente.
- Pouco persoal cualificado.
- Elevado nivel de alcoholismo entre a mocidade e na poboación en xeral.
- Necesidade dun porto e, en xeral, de infraestruturas que poñan en valor as riquezas existentes, pesca, agricultura e pecuaria.

Descríbense no diagnóstico as prioridades do municipio en relación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030: erradicación da pobreza, igualdade de xénero, traballo e crecemento económico.

Con esta panorámica, a visión municipal non é moi alentadora e resulta bastante deficitaria, pero tense a idea de levar a cabo unha serie de proxectos que poderían paliar estas dificultades, tanto con investimentos propios como alleos. A procura de financiamento faise imprescindible, a nivel nacional e internacional, e por suposto unha boa xestión dos fondos.

II. Plan Estratéxico Municipal de Desenvolvemento Sustentable (PEMDS)

O devandito documento contempla as diferentes áreas municipais de actuación: Educación, Sanidade, Deporte, Vivenda, Igualdade de Xénero, Agricultura, Pesca, Cultura e Música, Asociacionismo e Voluntariado, Servizos, Participación Cidadá, Auga e Saneamento, Infraestruturas e Medio Ambiente. Para cada unha delas, recolle os obxectivos e metas a alcanzar e os indicadores de impacto, así como o orzamento global necesario para acadalos e o desglose do financiamento. Ao tempo, enumera as accións ou programas que se deberían levar a cabo dentro das distintas áreas, que están aínda sen desenvolver de maneira individual. Cada proxecto ou acción a realizar debe especificarse descritiva e minuciosamente.

Nun principio, encárgaseme a elaboración das fichas de proxecto, labor que levo a cabo utilizando unha folla de Excel a través de vínculos que levan direc-

tamente á ficha de cada acción, un xeito sinxelo, rápido e claro de dispor da información. Evidentemente, a elaboración e contidos de cada un dos proxectos debe realizala o persoal técnico municipal, que coñece máis polo miúdo a realidade local, dado que eu conto con pouco tempo e información.

Á marxe dos programas incluídos no Plan Estratéxico Municipal de Desenvolvemento Sustentable, propoño facer fincapé tamén nos seguintes:

1. Programa de educación ambiental de retirada de lixo, dirixido a todas as persoas e entidades.
2. Programa de actividades extraescolares: deportes (patinaxe, baloncesto, natación...), baile, música, etc., como semente de futuro.
3. Programa "Música de Cabo Verde", unha riqueza que, desde o meu punto de vista, debe erixirse nun símbolo de distinción do municipio.
4. Programa de formación para mulleres, co fin de mellorar a súa empregabilidade, e medidas paralelas de conciliación. Unha delas, entendo que imprescindible, é traballar cos costumes dos homes e educalos a eles en igualdade.
5. Programa de incubadora de empresas, para ensinar a emprender e facilitar medios.

O Plan amósanos as necesidades do municipio nunha primeira fase, aínda que a súa execución será dificultosa, fundamentalmente debido á falta de medios financeiros e de cualificación nos recursos humanos.

TEMPO LIBRE

Cando remato de traballar, ás catro da tarde, descanso un pouco e logo saio facer a compra para o almorzo e a cea (froita, iogures, leite), algo sinxelo porque non cociño na casa, xa que a infraestrutura non se presta. Tamén dou un paseo, leo e, como os días son longos, procuro buscar distraccións.

A Asociación Recreativa, Cultural e Social "Portas Abertas" organiza de luns a venres diversas actividades, como baile, camiñadas, baños na praia, ximnasia, etc. É un grupo de mulleres que se reúne na praza situada diante da Cámara Municipal, en horario de 5:30 a 6:30 e de 18 a 19 horas. Asistín tanto a clases de mañá como de tarde en diferentes días, xa que resultaban moi agradables. Mantíñanme activa, permitíanme socializar e facíanme sentir ben. En Cabo Verde anoitece ás sete e recomendábannos non saír pola noite, así que me entretiña cunha película, vendo a televisión pública ou lendo antes de deitarme.

Por diferentes motivos, entre outros a carencia de espazos e infraestruturas onde pasar o tempo, e para un coñecemento da illa en xeral, decidín pasar as fins de semana fóra de Santa Cruz. O medio que utilizaba para desprazarme era o Hiace, furgonetas colectivas de aproximadamente 15 prazas, aínda que non era de estrañar que levaran 20 persoas. Este transporte non sabe de horarios, ata que non se ocupe o último asento non arranca, e serve para todo: entrega de paquetes, recollida de recados... Toda unha experiencia!

Visitei Praia, Tarrafal, Asomada, Serra da Malagueta, e os enclaves máis importantes, como as praias, Cidade Velha, o mercado de Sucupira... É un país precioso, con paisaxes inesquecibles, e as súas xentes son acolledoras e amables.

CONCLUSIÓNS

Os comezos non foron doados, debido á saída permanentemente da túa zona de confort, pero lévome a aprendizaxe doutra forma de vivir que che ensina a valorar a túa e, á vez, a non sobreestimala. Introducirse noutra cultura, con xentes que se comportan de diferente xeito, que teñen outra forma de pensar, outra forma de facer, e vivir sen as comodidades ás que estas afeita, faite medrar e ensínache a priorizar de maneira distinta. As experiencias son coñecemento e crecemento.

Por outra banda, fixen amizades que prometeron vir visitarme e penso que nun futuro non moi afastado eu tamén volverei a Cabo Verde.

Hai unha palabra que se usa alí, *morabeza*, que fai referencia á hospitalidade e á xentileza que teñen as súas xentes. Recíbente cun sorriso, abren as portas das súas casas -o segundo día xa me invitaron a unha voda-, transmítenche relaxación e pregúntanche en portugués ou crioulo: "Tudo bem?". Pois contesto acabando esta memoria: TUDO BEM, OBRIGADA.

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE - www.fondogalego.gal

fondo galego
de cooperación e solidariedade

www.fondogalego.gal

AXENDA 2030

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

O Fondo Galego é membro da

CONFEDERACIÓN
Fondos de Cooperación e Solidariedade